



## **CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E O CONCELLO DE LUGO PARA A CESIÓ DO USO DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS AOS CENTROS EDUCATIVOS CON MOTIVO DA CRISE SANITARIA DO COVID-19.**

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en nome e representación da **Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia**, en virtude do Decreto 112/2020, de seis de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, dos 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, dona Lara Méndez López, en calidade de alcaldesa do Concello de Lugo, actuando en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia.

As partes actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración.

### **EXPOÑEN**

#### **Primeiro. Motivación e necesidades a satisfacer.**

Con motivo da crise sanitaria da Covid-19 os centros educativos da cidade de Lugo dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, precisan de máis espazos públicos para a realización das súas actividades ordinarias, para evitar aglomeración do alumnado e poder garantir en todo momento o cumprimento das distancias de seguridade recomendadas polas autoridades sanitarias.





O Concello de Lugo dispón de múltiples instalacións municipais de usos deportivos que, en función da súa proximidade aos centros educativos, serían susceptibles de ser cedidas temporalmente aos centros educativos que o necesiten para poder utilizalas para os usos que pola natureza lle son propios.

### **Segundo.- Fundamentos xurídicos da colaboración interadministrativa.**

Os artigos 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA) establecen que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Municipio exercerá en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

De conformidade co disposto no artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, os municipios teñen competencias en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade (art. 25.2.d), promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre (art. 25.2.l), e promoción da cultura e equipamentos culturais (art.25.2.m).

Pola súa parte, a competencia para a xestión dos seus equipamentos deportivos aparece regulada no artigo 8 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia que atribúe aos municipios competencias para a promoción do deporte, para executar programas de deporte mediante a coordinación coa administración autonómica, e para xestionar e manter instalacións deportivas da súa titularidade, baixo os principios de cooperación, coordinación, colaboración e información multilateral (artigo 9) a través de convenios de colaboración entra as administracións con competencias na materia (artigo 6).

Tanto a LRBRL, como a LALGA e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións pública, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.





A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario de crise económica que afecta tamén aos concellos obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan ás súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e xestionar de forma compartida as actuacións públicas conforme aos principios xerais de eficacia (art. 103 da Constitución Española), eficiencia na asignación de recursos públicos (artigos 7 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade) e colaboración interadministrativa (art. 3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro e 10 e 57 da LBRL).

En virtude do exposto e recoñecéndose todas partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

### **CLÁUSULAS:**

#### **Primeira.- Obxecto e réxime xurídico.**

O obxecto do presente convenio marco interadministrativo de colaboración é establecer as bases para a colaboración entre o Concello de Lugo e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia para a cesión temporal do uso de instalacións deportivas municipais aos centros educativos que o soliciten para a realización das súas actividades ordinarias, coa finalidade última de evitar aglomeracións do alumnado e poder garantir en todo momento o cumprimento das distancias de seguridade recomendadas polas autoridades sanitarias.

O presente convenio atópase excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en virtude do disposto no seu artigo 4.1.

Será de aplicación o réxime xurídico establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local





## **Segunda.- Ámbito de aplicación.**

O ámbito de aplicación deste convenio será o termo municipal de Lugo. O Concello de Lugo dispón de múltiples espazos e instalacións municipais de usos deportivos que, en función da súa proximidade aos centros educativos, serían susceptibles de ser cedidas temporalmente aos centros educativos que o necesiten para poder utilizalas para usos que lles sexan propios.

A cesión do uso das instalacións municipais artellaríase a través da figura da autorización administrativa, previa solicitude do centro educativo interesado, de conformidade co establecido nos artigos 91 e seguintes da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das Administracións públicas, que regulan as autorizacións de uso de bens afectos ao uso ou servizo público.

## **Terceira.- Bases da colaboración. Dereitos e obrigas das partes.**

Os dereitos e obrigas das partes son as seguintes:

O Concello de Lugo pon a disposición dos centros educativos que o soliciten as instalacións municipais próximas aos centros educativos para o seu uso compartido de acordo cos calendarios e horarios que se determine na autorización de uso das instalacións.

Os centros educativos interesados deberán solicitar por escrito ao Concello de Lugo a cesión das instalacións municipais que precisen indicando o calendario de usos pretendido (días e horas necesarios) para que poida ser compatible cos usos municipais.

Unha vez estudada a viabilidade da petición do centro educativo en función da dispoñibilidade dos espazos, mediante resolución municipal concederase a correspondente autorización administrativa, de conformidade co establecido nos artigos 91 e seguintes da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, que regulan as autorizacións de uso de bens afectos ao uso ou servizo público, establecendo as condicións oportunas.





Os centros educativos deberán destinar os ben cedidos a usos ordinarios que lles sexan propios, e deberán absterse de utilizalos fora dos horarios concedidos, respectando as condicións establecidas na correspondente autorización.

A autorización do uso das instalacións municipais prevista no presente convenio marco poderá ser revocada en calquera momento, e en todo caso si se observase incumprimento de calquera das obrigas por parte dos centros educativos. Neste último caso, o Concello poderá notificar á Consellería de Cultura, Educación e Universidade un requirimento para que faga cumprir nun prazo de 15 días coas obrigas ou compromisos que se consideren incumplidos aos centros educativos. Este requirimento será comunicado tamén á comisión de seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, o Concello notificará á Consellería de Cultura, Educación e Universidade a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

A posta a disposición das instalacións municipais non devengará dereito a percibir contraprestación algunha nin en concepto de aluguer das mesmas, nin polos gastos ou suplidos que do seu mantemento ordinario se devenguen. Tampouco estarán suxeitas a taxa, por entender que dadas as contraprestacións a recibir por parte do Concello de Lugo, as mesmas fan irrelevante a utilidade económica que poidera chegar a ter para o autorizado o uso das mesmas, nos termos descritos no artigo 92.5 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das Administracións públicas.

Queda expresamente prohibida a cesión das instalacións municipais a terceiros por parte do centro educativo, con ou sen contraprestación.

O presente convenio marco non estende os seus efectos ao persoal nin ao material propio e específico para o desenvolvemento das correspondentes actividades, que correrán a cargo de cada centro educativo.

Os centros educativos serán responsables tanto ante o Concello de Lugo como ante o alumnado do centro dos danos que directa ou indirectamente pudieran ser causados como consecuencia dos usos previstos no presente Convenio marco de Colaboración. A tal efecto, os centros deberán subscribir e manter actualizado en todo momento, durante a vixencia das autorizacións de uso das instalacións municipais, o correspondente seguro de accidentes e de responsabilidade civil.





#### **Cuarta.- Comisión mixta de seguimento e coordinación.**

Para facilitar o seguimento do convenio constituírase unha comisión mixta de seguimento do convenio, sen prexuízo das competencias atribuídas aos órganos competentes das Administracións asinantes, integrada por un representante de cada parte á que poderán asistir outros técnicos en labores de asistencia.

A comisión mixta rexerase polo establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas as súas principais funcións serán:

- a) Velar polo bo desenvolvemento dos obxectivos previstos neste convenio e as actuacións recollidas no mesmo, definindo a tal fin as directrices e acordos que resulte necesarios.
- b) Adoptar as medidas correctoras oportunas cando así o esixa o transcurso das actuacións.
- c) Propoñer razoadamente ás partes asinantes a necesidade ou oportunidade de introducir modificacións no contido das actuacións a desenvolver para a súa aprobación, se procede.
- d) Validar, previamente á súa presentación, a memoria de accións e avaliar os resultados obtidos, indicando o grao de cumprimento dos obxectivos.
- e) Manter permanentemente informadas ás partes sobre o desenvolvemento, incidencias e cumprimento das accións.

A Comisión de seguimento e avaliación levantará acta sucinta das súas reunións coas decisións adoptadas no exercicio das funcións que ten asignadas.

En ningún caso a Comisión de seguimento adoptará decisións que excedan do ámbito da pura xestión do presente Convenio.





#### **Quinta.- Duración do convenio e causas de resolución.**

A duración do presente convenio estenderase durante o tempo no que se manteña a situación excepcional derivada da pandemia sanitaria pola COVID-19, e mentres se manteña a declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, ou a prórroga do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, así como as posibles prórrogas que se poidan acordar.

Sen prexuízo do sinalado na cláusula terceira sobre da resolución por incumprimento, o convenio poderá ser resolto por calquera das partes, con obriga de facelo mediante comunicación escrita e cunha antelación mínima dun mes por algunha das seguintes causas:

- a) Mutuo acordo.
- b) Imposibilidade sobrevida, legal ou material, a desenvolver as actividades que constitúen o seu obxecto.
- c) Vontade unilateral de calquera das partes.
- d) Polo resto das causas previstas no ordenamento xurídico.

#### **Sexta.- Réxime de incumprimentos**

Os incumprimentos das obrigas ou compromisos por calquera das partes implicará que teña que asumir os danos e prexuízos causados e, no seu caso, á indemnización correspondente. Tamén poderá implicar a resolución do convenio.

#### **Sétima.- Natureza do convenio e xurisdición competente**

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas pola comisión de seguimento quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.





### **Oitava.- Transparencia.**

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, e no equivalente do Concello de Lugo, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o concello de Lugo acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

### **Novena.- Protección de datos.**

O obxecto do presente convenio levarase a cabo con suxeición á lexislación vixente sobre protección de datos de carácter persoal e en particular con suxeición á Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en materia de protección de datos.

En proba de conformidade co expresado no convenio, asínase polas partes comparecentes, na data da súa sinatura dixital.

Pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade

O conselleiro

Román Rodríguez González

Polo Concello de Lugo

A alcaldesa

Lara Méndez López

